

## RETORICA DA REITERACION NO DISCURSO DE *SEMPRE EN GALIZA*

ANTONIO AZAUSTRE GALIANA

O obxectivo central deste traballo é analiza-lo uso que Castelao fai en *Sempre en Galiza* dunha das figuras concretas que entran no campo retórico da 'repetitio': a anáfora. Nesta análise veremos cómo este procedemento formal ten unha tradución na esfera do significado, consistente en intensificar pola reiteración do golpe *pausa + palabra repetida* uns determinados contidos da mensaxe. Isto sèrvelle ó autor para exercer un poder de influencia no ouvinte, finalidade moi importante nunha obra de contido político-ideolóxico. Trátase pois do 'persuarede' da retórica, da importancia da función conativa, en termos de Bühler. A anáfora e demais figuras do campo elocutivo da 'repetitio' foron xa moi estudias na súa construción e nos seus efectos na poesía. Unha escola crítica tan influínte coma o formalismo ruso chegou mesmo a considera-la repetición (equivalencia nos seus termos) como sostén do texto poético (1), conquerindo grandes resultados neste punto, pero sen traspasa-la fronteira do verso nas súas investigacións. Neste traballo, a obra de Castelao será tamén modelo da importancia da reiteración -aquí analisada nun dos seus procedementos- na prosa. Quizás non teña a súa aparición a mesma intensidade e frecuencia que no verso, pero isto non quere dicir que non se utilice, e ás veces moi a miúdo (2). As figuras do 'isocolon', a 'complexio', a anáfora e outras, están tamén a producir na prosa ese recorrido de ida e volta, ese "ler lembrando" que da o seu sentido á poesía. A investigación deste traballo camiñará entón por unha dirección que na crítica anglosaxona seguiron nomes tan importantes coma M. Croll, G.K. Hunter ou Brian Vickers, pero que no noso país está un pouco desasistida. Unha dirección de investigación baseada en gran maneira nos presupostos da retórica clásica, onde tódolos recursos da 'repetitio' estaban perfectamente analisados na súa elaboración formal e na súa repercusión

---

(1) Afirmacións de Jakobson probando esta hipótese pódense atopar nas páxinas 220 a 222 dos *Essais de linguistique generale* (vid. bibliografía). Outro formalista, O. Brik, aporta tamén probas nas páxinas 107 e 111 do libro *Teoría de la literatura de los formalistas rusos* (vid. bibliografía).

En ningún dos casos sinalados se fai referencia ó discurso en prosa neste sentido. A reiteración queda reducida ó territorio do verso. Nosoutros pensamos que entre prosa e verso hai aquí unha diferenza de grado, que fai deste recurso (a reiteración) sostén do discurso poético, non tendo na prosa tanta frecuencia de aparición. Pero isto non quere dicir que non teña importancia nela, sobre todo en textos de prosa doctrinal e política, onde se quere chegar con claridade e eficacia ó lector.

(2) Existen abundantes exemplos no século XVII, sobre todo en prosa doctrinal e política. O *Marco Bruto* de Quevedo é un dos máis claros.

no contido e no público. Será pois necesario revisar un pouco os seus fundamentos.

### Retórica e reiteración

Hoxe, a palabra retórica sona a algo vello que se atopa en manuais onde é imprescindible o manexo do "morto latín". E, sen embargo, do mesmo xeito que non podemos esquecer que vimos do latín, tampouco podemos esquecer que a presenza da retórica no uso -leterario e non leterario- da lingua actual é moito maior do que en principio puideramos supoñer.

A disciplina retórica defínese nas seguintes palabras: "ars bene dicendi". Este adxectivo *-bene-* simboliza o desexo de chegar co discurso a unha perfección moito maior da que supoñía a simple corrección lingüística, o "recte" da gramática. Nesta finalidade superior, a retórica pretende que o discurso influia nos ouvintes convertendo, se é necesario, a causa máis débil na máis forte. Este utilitarismo era xa na Antigüidade peza clave para diferenciar dúas disciplinas hoxe non ben delimitadas: poética e retórica. Namentres o 'officium' do poeta consistía na imitación (mimesis) da realidade, o do orador centrábase na influencia sobre o público conquerindo o convencemento, a persuasión do ouvinte.

E a esta finalidade utilitarista correspóndenlle unhas condicións de desenvolvemento e unha materia de estudo moi determinadas. Así, a retórica tivo o seu máximo auge en épocas -século de Pericles e República- nas que, politicamente existía un réximen democrático (3). Con posterioridade, a perda desta situación iríaa reducindo ó ámbito pechado do 'studium' e abrindo conexións con poesía e filosofía.

E a este ámbito inicial de liberdade correspondíalle unha materia específica que Lausberg sinala:

"El campo de aplicación queda limitado mediante la ordenación del discurso a las materias de interés general; estas materias nos las proporciona la vida pública y sus condiciones políticas y morales (civiles quaestiones)".

(Lausberg, *op. cit.*, p. 100)

Trasladando estas notas ó lugar contemporáneo e concreto que representa *Sempre en Galiza*, comprobaremos cómo tamén aquí se quere conquerir unha influencia no ouvinte atraveso dun discurso que toca unha teima traída da vida pública, concienciándoo da situación de inxusticia e opresión que sufriu e sofre Ga-

---

(3) Curtius (vid. bibliografía) sinala as condicións de máximo auge desta disciplina: "El predominio de la retórica se dará cuando Atenas reciba la herencia de Jonia y alcance su época dorada; el discurso y el arte de hablar cobran entonces un lugar primordial en la vida pública (...) El desarrollo de la democracia bajo Pericles y la "época de las luces" que se inició a mediados del siglo dejarán luego ancho campo a los discursos políticos y forenses. Todos los ciudadanos participaban en la vida pública, y la elocuencia se hace requisito indispensable de toda carrera afortunada". (Curtius, *op. cit.*, p. 100).

licia e da necesidade dun cambio que levaría a unha organización político-administrativa concreta: a república federal.

Neste traslado de terreos, é difícil facer corresponde-lo discurso de Castelao con un dos xéneros ós que pertencían os da retórica clásica. Había nela un xénero 'iudiciale' no que o orador falaba a un tribunal duns feitos pasados nun enfrontamento defensa/acusación, xusto/inxusto. Por outra banda, o xénero 'deliberativum' enfrontaba ó orador a unha assemblea pública na exposición duns feitos futuros ante os que aconsella ou desaconsella a utilidade dunha posición. Finalmente, o xénero 'demonstrativum' sitúa ó orador nunha xuntanza adicada ó eloxio ou crítica dunha persoa ou feito, expoñendo a honestidade ou non honestidade duns feitos atemporais.

Quizais non sexa fundamental aproxima-la intención de *Sempre en Galiza* a un destes xéneros, sobre todo cando xa na época clásica os discursos de cada un dos tres xéneros podían ter elementos dos outros dous, especialmente cando o permitía a extensión (ampla) do discurso. Sen embargo, a crítica da opresión pasada e presente soportada por Galicia e a proposta dunha solución federalista parecen aproxima-lo significado da obra de Castelao ó que podería ser un discurso do xénero deliberativo ou xudicial. Precizando un pouco máis poderíamos falar dunha proximidade maior a unha ramificación do xénero xudicial denominada 'genus legale', onde "se trata del enjuiciamiento de una ley, generalmente, a raíz de un acto cometido o que se va a cometer" (Lausberg, *op. cit.*, p. 155). Con todo, parece claro que o discurso de Castelao pertence ó ámbito que Lausberg recoñece para os dous grandes xéneros mencionados (xudicial e deliberativo):

"En el 'genus iudiciale' y en el 'genus deliberativum' el público (los jueces, la asamblea popular) es invitado a tomar una decisión acerca de una cosa que constituye el asunto del discurso (...) Nos encontramos, pues, plenamente en la esfera de la 'vita activa', en la que el discurso desempeña el papel de un instrumento". (Lausberg, *op. cit.*, p. 212).

Os lectores de *Sempre en Galiza* non somos pois simples espectadores dun feito exposto dun xeito máis ou menos fermoso; somos, por riba de todo, assemblea e xueces dunha situación inxusta fronte á que temos que tomar postura. E esta invitación leva a trata-lo punto antes sinalado da finalidade utilitaria na retórica.

Neste sentido, tódolos elementos dunha peza oratoria ('res e verba', inventio, dispositio...) están ó servizo do '*ad persuadendum dicere*'. A análise deste xeral 'persuadere' poranos en contacto con algúns dos puntos fundamentais deste traballo.

O 'persuadere' divídese deste xeito en tres grados de persuasión: '*docere*', '*delectare*', '*movere*'. O primeiro consiste na persuasión puramente intelectual pola narración dos feitos e a exposición dos argumentos. Pero esta exposición podería caer facilmente no perigo do 'taedium', disminuindo así a eficacia do discurso. Para evitalo entran en xogo os outros dous grados de persuasión, nos que se desenrolan moitos dos recursos que veremos en Castelao.

O 'delectare' atrae a simpatía do público cara ó obxecto do discurso e ó orador mesmo, recurrido fundamentalmente ó procedemento da 'variatio' nas

ideas ou na súa expresión elocutiva. É xustamente esta última a que usará Castelao cando faga modificacións que relaxen os esquemas de reiteración.

O 'movere' orixina unha conmoción psíquica do público para que tome partido a favor da causa defendida polo orador. Un dos medios é a 'amplificatio' de palabras e feitos: a reiteración na 'elocutio' é un dos medios para conquistar esa amplificación.

Por conseguinte, o procedemento xenérico da reiteración atópase ó servizo do 'delectare' e do 'movere', do 'ornatus' e a amplificación da expresión. Analisaremos pois este recurso.

A retórica clásica (vid. Lausberg, *op. cit.*, pp. 97 y ss.) sinala que a reiteración serve para encarece-la expresión, a maioría das veces afectivamente. A igualdade da repetición leva consigo unha superación afectiva, de xeito que a primeira posición da palabra ten a función informativa semántica normal ('indicat'), namentras que a segunda posición da mesma palabra presupón a función informativa da primeira posición, pero ten ademais unha función afectiva encarecedora que supera á anterior: 'afirmat', segundo Quintiliano. Este rasgo afecta á repetición en sentido xenérico, isto é, incluíndo a tódolos seus tipos. Estes establécense atendendo a dous criterios básicos: a distancia entre os membros reiterados e o grado de igualdade entre os mesmos. Segundo o primeiro criterio, existen repeticións de palabras en contacto ('geminatio' / ...xx... /, 'reduplicatio' / ...x/x... /), como paréntesis ('redditio' /x...x/) e a distancia ou intermitentes.

Dentro deste grupo atopamo-la figura que vai ser obxecto de estudio na obra de Castelao: a anáfora ou repetición intermitente do comenzo dun membro ou un inciso (/x.../x...). A anáfora e tódalas figuras que nomeamos do primeiro criterio clasificatorio pódense ver afectadas polas figuras pertencentes ó segundo: o que afectaba ó grado de igualdade existente entre os membros repetidos. Este distingue a reiteración de palabras iguais (coa diferenza afectiva sinalada) e de palabras de igualdade relaxada, xa sexa no seu corpo fonético, xa na súa significación; tipoloxía importante pois dá conta dunha serie de 'variationes' ás que poden acudi-los autores, e que tamén usa Castelao para "descargar" en certos momentos a posible monotonía da anáfora e conquistar chama-la atención sobre ese elemento alleo á norma que, na maioría dos casos, quedará así destacado significativamente.

A anáfora e os seus posibles esquemas en variación están pois perfectamente analizados pola retórica clásica dentro das figuras elocutivas da reiteración; unhas figuras que obedecían ós imperativos do influxo no ouvinte. E isto, que é válido para o discurso oratorio da Antigüidade, conserva a súa vixencia ó falar de *Sempre en Galiza*, unha obra onde tentaremos de amosa-lo propósito autorial de aproveita-lo efectismo que fan posible todos estes recursos.

### A reiteración anafórica en *Sempre en Galiza*

Nos apartados anteriores movímonos no campo das consideracións xerais sobre o procedemento estilístico da reiteración. Tentamos de probar alí a perfecta

codificación que de el facía a retórica coa finalidade utilitarista de influir no público. Víuse tamén cómo a crítica contemporánea nunha das súas máis influíntes escolas -o formalismo ruso- desenrolou a investigación sobre este fenómeno pero centrándose no verso, cando a prosa deu, e dá, interesantes probas neste sentido.

A obra obxecto da análise deste traballo puidera moi ben incluírse nese xénero do discurso político, herdeiro dunha técnica oratoria onde están moi presentes os medios para 'persuadere' ó auditorio (léase lectores), entre eles, a reiteración. Este tipo de discurso, xunto coas obras doctrinais e moralizantes, son os xéneros prosísticos onde máis atopamos este recurso, pois os dous comparten a finalidade xeral de *apelación influenciadora* cara ó receptor.

Tratar tódolos posibles procedementos concretos incluídos no xenérico da reiteración ('repetitio') supera os límites impostos a este traballo. Aquí limitáronos a estudar unha das figuras máis representativas dese campo -a anáfora- e a súa actuación nesta obra de Castelao. Para iso recollimos un número alto de exemplos no texto (4), coa finalidade de comproba-lo seu procedemento constructivo e a súa influencia no significado concreto da expresión onde aparecen. O final observarase cómo o manexo destes recursos supón un dos xeitos máis admirables de dominio da lingua. Este parte da pura manipulación formal (unha repetición de palabras) para se elevar a unha "orientación do significado" que actúa no outro polo da comunicación: o do receptor textual.

Ocuparémonos primeiro das *anáforas simples*, entendéndoas como un tipo de anáfora non problemática, axustada ás súas definicións teóricas. Evidentemente, dentro delas a maioría non serán puras, senón que haberá de terse en conta a súa combinación con recursos fónicos e o seu relaxamento en diferentes tipos de 'variaciones'.

Con posterioridade ocuparémonos das *anáforas problemáticas*, isto é, aquelas que presentan algún obstáculo para a súa consideración como tales: incluíránse fundamentalmente aquí as que denominarei anáforas integradas en períodos sintácticos complexos. Ambolos dous casos manteñen o efectismo semántico xeral ó fenómeno, pero será necesario facer algunhas consideracións sobre a súa construción.

### **Anáforas simples: Subtipo puro**

Consiste na reiteración dunha palabra ou grupo de palabras no comenzo de membro ou inciso sen aparecer ningún tipo de manipulación modificadora nelas. Sinalaremos algúns exemplos e a súa función no texto (5):

---

(4) O total de exemplos recollidos foi de oitenta e un; número considerablemente reducido no traballo por razóns de espacio. Con todo, ás veces daremos referencia de exemplos non explicados nestas páxinas para a súa localización na obra.

(5) Indícase entre paréntese o número do libro con numeración árabe, e o do discurso con numeración romana. Sinalamos ademáis a páxina correspondente da edición indicada no apartado de bibliografía.

(1,IV) p. 43. "Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. *Son os mesmos que* buscan a perfeición baixando pol-a escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. *Son os mesmos que* perderon o aneiro de chegaren a ser deuses, e renegan das inquedanzas que produz a sabiduría. *Son os mesmos que* consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente".

A reiteración "*son os mesmos*" é clara e serve ó desenrolo amplificatorio dun sintagma expreso con anterioridade: ese "*algúns homes*" referido ós defensores do idioma universal. Por esta anáfora, Castelao quere intensifica-lo seu ataque a esta postura, defendendo a variedade idiomática e, con isto, o "dereito á vida" do galego. A anáfora serve pois á finalidade afectiva que lle deu orixe (6):

"Hac figura vel frequentissime et Demosthenes et M. Tullius et omnes vehementes oratores utuntur, quando praecipue et ipsi commoti videri volunt et iudicem commovere". (Lausberg, *op. cit.*, p. 109).

No caso de:

(1,XXVI) p. 114. "Estes caciques son terribles, *porque* exercen o poder a distancia, *porque* bulran a vontade popular, *porque* son irresponsables e inmunes, *porque* dispoñen da forza coercitiva do goberno central".

trátase dunha anáfora sinxela de catro membros na que se reitera a conxunción causal cunha finalidade clara: Castelao critica a figura dos falsos caciques (un tóxico xa na súa obra leteraria) e expón as causas polas que son terribles; pero, antes de cada unha delas, introduciu a conxunción para que o golpe da anáfora intensifique os vicios do cacique, para que sexa así máis terrible ós ollos do lector.

Estas anáforas que reforzan o peso das probas pola reiteración da conxunción causal son moi frecuentes en *Sempre en Galiza*, pois apoian moi ben os 'argumenta' do autor. Neste subtipo puro témola tamén en (3,XIX) p. 343.

Finalmente, sinalaremos outro texto no que Castelao di:

(3,IX) p. 293. "*Era preciso*, pol-o visto, o proseguimento da política opresora da monarquía, encamiñada a matar, por asfisia, todo canto non fose castelán. *Era preciso* que as línguas e culturas rexionaes (somentes é nacional a lingua de Castela) viviran en campos de concentración ou sometidas ao *xeneroso* trato que a política liberal de Norte-América concede aos seus indios".

Formalmente non hai tampouco problemas nesta anáfora bimembre. Destaca pola súa interpretación, pois a intensidade expresiva conquerida coa anáfora intensifícase aínda máis coa ironía. Castelao critica a actitude de Castela e resalta 'ab contrariis' ("*era preciso*") a "non necesidade" da súa actitude opresora. Aquí vemos claramente o efectismo que a retórica dá á ironía efectismo que aparece

---

(6) Dentro deste subtipo puro atopamos outro caso de anáfora que desenrola un concepto en (3,XV) p. 322. Esta finalidade será moi común en tódalas anáforas de Castelao.

xunguido coa anáfora na manipulación textual do orador. Neste subtipo puro temos un caso de ironía tamén en (2,XX) p. 227 (7).

### Anáforas simples: Colofón intensificador

Este subtipo diferénciase moi pouco do anterior. A reiteración de palabras ó comenzo de membro ou inciso sofre tan só unha modificación formal que afecta ó último dos seus membros. O peche intensifícase polo engadido dunha partícula que actúa como *intensificación* na *intensificación* que en sí mesma ten a anáfora; unha anáfora que, independentemente, seguerá a conserva-lo seu particular influxo no significado do período. Así, no seguinte exemplo:

(1,XI) p. 63. "*Supoñamos que* a república vai seguir voando pol-o ceo das abstraicións (...) *Supoñamos que* por non chegarmos a unha coordinación de intereses moraes e materiaes de Hespaña, rexurdisen as vellas arguias localistas (...) *Supoñamos inclusive que* un vento de exaltación patrioteira puxese en perigo as posibilidades que a vixente Constitución nos ofrece *leal* sería o deber dos galegos antifexistas? Creo que en calisquera d-estes casos debemos proceder como galegos".

a anáfora é o instrumento co que Castelao quere dar maior forza expresiva á idea central do período: a firme posición política dos galegos antifexistas *a pesar de* calquer obstáculo. Por iso plantexa no discurso varias dificultades posibles ("*supoñamos...*"). A acumulación das mesmas, que exalta en sí o espírito defendido por Castelao, engádese á acumulación formal do encabezamento "*supoñamos que*", o que incide no mesmo sentido. Nótase ademais cómo a partícula conclusiva de peche *-inclusive-* responde moi ben dende o punto de vista semántico a todo ese xogo de intensificación de dificultades que acrecentan a firmeza dunha postura.

Outros efectos concretos persegue Castelao cando di:

(2,XX) p. 230. "Os galegos sabemos arranxar os papeis e pedir un pasaxe de terceira; *sabemos* agacharnos nas bodegas d-un trasatlántico cando non temos diñeiro; *sabemos* pillar estradas c-un fatelo ao lombo ou empurrando a roda de amolar; *sabemos* abrir fronteiras pechadas e pedir traballo en total-as língoas; *sabemos, en fin*, canto debe saber un bó camiñante, aínda que o viaxe sexa o primeiro da nosa vida. En troques os casteláns sofren miseria i escravitude por non aleixárense da familia, dos colchóns, dos pucheiros, dos barreñóns, das tixolas e do gato" (8).

---

(7) Lausberg (vid. bibliografía) sinala o efectismo da ironía: "La ironía es la expresión de una cosa mediante una palabra que significa lo contrario de esta. La ironía es un arma de parcialidad; el orador está tan convencido de la fuerza de persuasión de su propia causa así como de la simpatía del público que utiliza la escala léxica de valores de su adversario, haciendo ver su falsedad mediante el contexto (lingüístico o situacional). La `voluntas' del orador es, pues, tan fuerte que deshace el tejido de mentiras del adversario y ayuda al triunfo de la verdad (expresada por su contrario) (...)". (Lausberg, *op. cit.*, pp. 85 e 87).

(8) Non suliñaremos como pertencentes á anáfora formas que non están precedidas de pausa (primeira aparición de "*sabemos*") para respetar unha das condicións da definición desta figura.

O período é un contraste profundo entre a personalidade do galego, afeito ás dificultades da emigración, e o castelán, ó que lle falta o valor para se lanzar ó risco. Neste sentido, Castelao usa unha anáfora con cinco membros no campo dos galegos, na que "*sabemos*" traduce formalmente (9) un orgullo case lírico no sentimento emigrante do galego, acrecentándoo pola súa acumulación. No último dos membros aparece un novo colofón, "*en fin*", que encabeza en Castelao membros que actúan como sínteses globalizadoras do anterior ("*canto debe saber un bó camiñante*") (10).

No campo dos casteláns, Castelao usa o procedemento do esquema numérico de recapitulación (11) con cinco elementos acumulados que serven de contraste numérico ó xa semántico existente entrambas realidades. O colofón deste esquema constitúo outra partícula diferente: a conxunción *e* intensificada no seu valor copulativo (12).

O exemplo final ofrece unha interesante "xuntanza retórica":

(3,XXVI) pp. 375-6. "A nación en que se instaurou a primeira monarquía católica de Hespaña; a que gardaba o sepulcro de Sant-Iago, "o sepulcro máis grrorioso de todal-as nacións do mundo"; a que (...) *en fin* esa terra tan fondamente cristián, foi sometida espiritualmente e disciplinariamente por Valladolid".

O período constitúe unha figura de pensamento: *a paradoxa*. Galicia, nación raíña da cristiandade, foi sometida por Castela precisamente en nome de Cristo. Castelao acumula feitos que proban as fondas raíces cristiáns de Galicia. Reforzando formalmente este argumento, o golpe da anáfora "*a que*" contribúe á sensación de que sobran probas en favor do cristianismo de Galicia. Deste xeito, o sometemento final do nome de Cristo cae na "sorpresa" da paradoxa (13).

### Anáforas simples: Combinación con recursos fónicos

Neste apartado imos analizar aqueles casos nos que unha metáfora do tipo xeral das simples se combina con recursos fónicos engadidos na súa actuación á finalidade xeral de intensificación afectiva daquela. Os medios fónicos tratados se-

---

(9) Esta expresión sintetiza a solidariedade entre forma e contido que fan posible procedementos deste tipo, amosando un grande dominio da lingua.

(10) Serán moi abundantes dentro de tódolos subtipos os casos con este colofón, o máis frecuente xunto coa conxunción *e*.

(11) Máis información sobre o esquema de recapitulación atoparase na obra de Curtius (vid. bibliografía) entre as páxinas 404 e 408.

(12) "Pero ocorre a menudo que los elementos copulados presentan entre sí diferencias u oposiciones que alteran su condición de sumandos homogéneos y el significado total del período, hasta darle valor adversativo, causal, consecutivo (...) sin que varíen las conjunciones ni la construcción". (*Esbozo*, vid. bibliografía, p. 508).

(13) O longo deste traballo veremos cómo a paradoxa é unha das figuras de contido máis usadas por Castelao pois conquire grandes efectos de influencia no lector.

rán fundamentalmente a 'interrogatio' e a 'exclamatio'. Apoiaremos-la análise dalgúns casos concretos coas normas de comportamento dadas pola retórica:

- *INTERROGATIO*: "La pregunta es un medio normal del diálogo de las partes. En cuanto figura, la pregunta se utiliza cuando se le da cabida en el discurso, despojada de su función propiamente dialógica y como medio patético o especialmente expresivo de la ilación del razonamiento.

La 'interrogatio' es la expresión de una oración, mentada como enumeración, en forma de pregunta, sin esperar respuesta para esta, pues la contestación se da por evidente en el sentido de la parte que habla, y ello fundándose en la situación. El presentar en forma impaciente y patética la afirmación bajo el ropaje de una pregunta se debe a que el orador quiere humillar a la parte contraria". (Lausberg, *op. cit.*, p. 195).

Trátase pois do recurso chamado normalmente "interrogación retórica", aludindo precisamente deste xeito á súa orixe. Actúa aquí como outro medio orientado ó fin do 'persuadere' que guía a laboura do discurso. O se repetir varias interrogacións retóricas e, dentro de cada unha delas, reiterarse en anáfora o comezo do seu enunciado, é facilmente comprensible que conquerimos unha maior intensificación dos afectos que marca moito máis o sentido preciso que Castelao quere dar á mensaxe. Vexamo-lo seu funcionamento:

(2,XI) p. 186. "*¿Será posible* que ningún se lembre en Galiza do que tan arreo dixemos? *¿Será posible* que todos esqueceran as verdades do noso credo? *¿ningún* terá presente os parlamentos de Bóveda e a claridade do seu verbo inimitable? *¿Será* capaz Franco de matar as esperanzas que nós sementamos en toda Galiza?..."

Dende o desterro, Castelao quere mandar unha mensaxe de optimismo. Para iso, reitera unha serie de actitudes negativas "preguntándose se será posible" que todo o povo estea dacordo con elas. A repetición deste preguntarse, xunguida nos seus dous primeiros membros á anafórica "*será posible*", empuxan ó lector a contestar un NON que Castelao quere que sexa un "non" de esperanza para o galeguismo que rexurdirá deste tráxico presente franquista. A firmeza deste "non" é a que logo lle leva a escribir (como nos manuais de retórica) que "*non é necesario responder a estas preguntas*" (Castelao, *op. cit.*, p. 187).

En canto á anáfora, débese sinalar que, aínda que abarca estrictamente dous membros ("*será posible-será posible*"), existe un certo *ritmo de reiteración* (14), prolongado dun xeito máis relaxado nos nove membros seguintes polo mantemento da 'interrogatio' e dunha forma de futuro ó comezo de cada membro (a cita do traballo reflexa dous deles).

Da esperanza pasa Castelao á denuncia cando di:

(3,IX) p. 292. "*¿Con qué dereito* se nos obriga a deprendemos a língoa de Castela e non se obriga aos casteláns a deprenderen a nosa? *¿Con qué dereito* se prescinde do idioma galego nas escolas de Galiza para que os galegos non se afagan a leelo e non seipan escribilo?"

---

(14) Tamén veremos este ritmo de reiteración ó falar do apoio do paralelismo.

É tamén un exemplo de clara interpretación. Deféndese o papel da lingua galega en Galicia e a inxusticia da situación lingüística vixente. Para intensifica-la idea, o autor reitera a falta de dereito para impoñer unha lingua estrana e marxina-la autóctona. A anáfora ("*con qué dereito-con qué dereito*") é outra vez un apoio formal xunto á dobre 'interrogatio' que "move" a unha resposta firme: *con ningún dereito* (15).

-*EXCLAMATIO*: A retórica fai tamén referencia a este procedemento, quizás de menor importancia có anterior:

"La 'exclamatio' es la expresión del afecto mediante la pronuntiatio aisladora y elevada que es igualmente propia de la 'interrogatio'". (Lausberg, *op. cit.*, p. 223).

Nembargantes, *Sempre en Galiza* amosa exemplos da súa actuación xunto coa reiteración anafórica:

(1,II) pp. 35-38. "*¡Qué importa que os proxenitores da nosa caste chegaran a Irlanda e formaran alí un acorro inespñable das esencias celtas! Galiza soportou en silencio a política castelán, que cortou as relacións que viñamos sostendo cos Fisterres atlánticos, até perdermos o posto que nos correspondía no concerto misterioso da nosa raza! ¡Qué importa...! [así ata doce membros] (...) Cun pasado tan grorioso Galiza viveu sempre asoballada*".

'Exclamatio' e anáfora apoian formalmente o sentido de *ironía tráxica* que ten este amplo período: a pesar dos innumerables feitos que proban o gran papel histórico de Galicia, esta viviu sempre sometida. Para transmiti-la forza desta traxedia, Castelao emprega os recursos mencionados, antepoñendo a cada feito a significativa anáfora "*¡Qué importa!*", tanto máis significativa canto que vai acompañada pola afectividade da entonación exclamativa.

Outra situación de sufrimento de Galicia é a que amosa neste exemplo:

(3,XXVIII) p. 386. "*¡Cántas bágoas, cántas inquedanzas, cántas miserias, cántos traballos e cántas agonías leva sofrido a nosa Terra por ese pleito!*".

Neste caso, ó que logo faremos referencia polo 'polyptoton' e a enumeración, atopamos tamén a conxunción de anáfora e 'exclamatio' para acentuar afectivamente o sufrimento de Galicia diante dunha lei agraria (a da república do 31) que non pensou no minifundio galego. Con esta finalidade, o autor acumula sustantivos sinónimos cunha connotación de sufrimento ("*bágoas, inquedanzas, miserias, traballos, agonías*") e acompañaos anaforicamente coa repetición dunha palabra semanticamente moi axustada ó propósito do autor: *cántos/as*. Sumándolle a todo isto a entonación exclamativa, atopáremos en toda a dimensión do 'persuadere' lingüístico de Castelao (16).

En conclusión, podemos afirmar que neste apartado vimos un procedemento retórico pertencente ó campo da entonación xunguándose coa reiteración morfolóxico-sintáctica da anáfora para leva-lo discurso a uns límites altos de afectividade que fagan posible o influxo pragmático no lector.

---

(15) Outros exemplos con 'interrogatio' en (1,I), p. 35, (3,XX) p. 345, (3,XXIV) p. 367.

(16) Outros exemplos con 'exclamatio' en (3,XIII) p. 311.

## Anáforas simples: Relaxación en 'variations'

O falar do fenómeno xeral da repetición xa dixemos que, mesmo na repetición de palabras iguais, non hai unha identidade total (coa que caería no vicio do pleonasma), senón que a igualdade da repetición levaba consigo unha superación afectiva que lle daba ó termo reiterado unha función *encarecedora adicional*. Pero, mesmo así, nesta repetición de palabras iguais o corpo fonético e a significación das mesmas coincide.

Tamén falamos entón dun feito que agora ten capital importancia: a repetición leva parexo o risco do *'taedium'* e o autor debe relaxar en ocasións o grado de igualdade entre os membros da serie; unha relaxación que pode afectar á igualdade do corpo fonético ou á igualdade de significación das palabras. Neste traballo ocupáronos da máis común en *Sempre en Galiza*: a que afecta á igualdade do corpo fonético. Dentro deste tipo debemos facer unha clasificación en varios subtipos, tendo sempre moi en conta que todos eles usan as modificacións fonéticas simultaneamente como modificacións semánticas, co que -segundo Lausberg- a igualdade de significación das palabras queda tamén relaxada nos casos de relaxación da igualdade no corpo fonético (17).

### *-Relaxación na forma flexiva: POLYPTOTON.*

Xógase coa tensión entre a pouca magnitude da modificación fonética, producida aquí na flexión da palabra, e o efectismo da modificación semántica. Dentro de esta figura, chamaremos *'derivatio'* ó *'polyptoton'* producido na flexión verbal.

O *'polyptoton'* é pois un recurso de estilo co que o autor conquira certos efectos. Pero nos casos de *Sempre en Galiza* que estudaremos plantéxase un problema previo, consistente en valorar qué grado de *'voluntas'* estilística puxo o autor no seu uso; isto é, se predominou -ou, polo menos, tivo un papel importante- o desexo de "sorprender", de eliminar ese *'taedium'* pola variación gramatical, ou se simplemente esta estivo ó servizo da esixencia, da rección desa categoría gramatical polo elemento veciño no discurso.

Quizás nos casos nos que a variación flexiva vai nunha enumeración (18), o *'polyptoton'* veña esixido polas categorías gramaticais que teña o núcleo dese membro. Pero sexa cal sexa o elemento que "tire" polo outro, o certo é que no discurso rítmico e no efecto de lectura da frase prodúcese unha *'variatio'* que, con maior ou menor grado de intencionalidade ou de efectismo semántico, leva consigo na *práctica da lectura* unha relaxación formal que elimina o *'taedium'* que

---

(17) Para as consideracións deste apartado seguimo-las definicións que da Lausberg na obra citada na bibliografía.

(18) Son casos coma os das series de posesivos tipo "*a súa fala, o seu dereito, a súa mentalidade*" ou as series de preposición + artigo tipo "*aos mariñeiros, aos mineiros, ás campesinas*".

puidera causar unha reiteración total e rigurosa no espazo máis breve dos membros dunha enumeración.

Previamente sinalaremos un exemplo onde a 'voluntas' autorial no 'polyptoton' é clara:

(2,XVII) pp. 216-7. "*O home sinxelo* decatouse da gran farsa de Xinebra e veu que aínda non era hora de rexir as relacións dos povos como se rixen as relacións dos homes (...) *Este home sinxelo* observou (...) *O home sinxelo* ouvía falar (...) *E pouco a pouco os homes sinxelos* foron creando o descreto das grandes potencias, que malogran os sentimentos de liberdade e solidariedade (...)".

A anáfora base "*o home sinxelo*" emprégase para intensificar por contraste -onde xoga un papel importante o sema positivo do adxectivo- o carácter de farsa da reunión de Xinebra. A anáfora estricta afectaría ós membros primeiro e terceiro. Os membros segundo e cuarto introducen 'variaciónes': no segundo, prodúcese un claro 'polyptoton' na variación do determinante que, ademais de relaxar o que sería un esquema *o--o--o--*, ten unha clara *repercusión semántica*, pois o deíctico fainos máis familiar a figura da que se fala (19). O cuarto membro engade unha secuencia temporal "*e pouco a pouco*" -que case fai fisicamente apalable esa acumulación de leccións na mente dun home sinxelo que, tamén por acumulación de reiteracións, quedou convertido co uso do 'polyptoton' en "*os homes sinxelos*".

Pero xunto a este caso, onde a variación flexiva amosa a vontade estilística do autor, os máis frecuentes son os exemplos nos que as variacións flexivas nos membros da anáfora parecen ser máis ben pedidas polas categorías gramaticais do núcleo. Os casos límite dánse nas enumeracións: ó comenzo de cada un dos seus membros reitérase en anáfora o determinante adxacente do sintagma nominal, producíndose unhas variacións de xénero e número dependentes dos que teñen os seus sustantivos núcleo. Pero se lemos unha destas series:

(3,X) p. 299. "(...) pero a condición de que a súa fala, a súa cultura, o seu dereito, a súa mentalidade, se impoñan dende o poder aos demais grupos".

veremos que na práctica da recepción hai un certo remanso fónico no termo masculino que mesmo puidera ás veces resalta-lo elemento diferente.

Independentemente deste punto, a anáfora continúa a te-la función de intensificación afectiva dirixida a move-la actitude do lector no sentido que o autor pretende en cada caso concreto.

Como subtipo do 'polyptoton' faremos referencia á 'derivatio' ou relaxación flexiva na forma verbal. Exemplos coma este plantexan o mesmo problema visto antes:

(1,VII) p. 52. "(...) o povo galego sigue creando arte e sabiduría. *Velahí están* os nosos cantares, a rever tenrura e malicia, para competiren en beleza cos cancioeiros de calisquera outro país do mundo. *Velahí están* os hórreos, para demostraren o sentido galego das fresas pro-

---

(19) Amosa este exemplo unha proximidade a moldes do conto do xeito do coñecido "o noso héroe".

porcións. *Velahí está* a nosa escultura popular nos cruceiros, nas fontes e nos portalóns. *E velahí está*, destacándose sobor da inmensa riqueza folklórica de Galiza, a nosa música popular e os nosos bailes e danzas populares".

A anáfora "*velahí está/n*" cadra perfectamente co fin pretendido por Castelao: acentua-lo carácter diferencial do galego pola reiteración dunha expresión deféctica que "acumula diante dos ollos" realidades únicas desta terra. A variación numérica da forma verbal parece pedida polo número do complemento directo, pero o efecto da 'variatio' verbal, conscente ou non, segue presente.

- *Relaxación da igualdade en todo o corpo fonético: SYNONIMIA.*

Esta relaxación consiste en repetir, non a mesma palabra, senón outra distinta. Para que o fenómeno entre na "repetición", a palabra reiterada repite unha mesma significación pero cun termo distinto.

Segundo a retórica, este procedemento é unha manifestación da 'voluntas' do autor no sentido da 'amplificatio', isto é, intensificando dun xeito conscente e gradual os datos en interés da súa causa: o discurso queda así acompañado por uns sinónimos que poden contribuir á acentuación expresiva buscada xa en sí mesma pola anáfora pura.

Tamén Castelao usa este tipo de relaxación nas súas anáforas, conquerindo diversos efectos. Vexamos algúns:

(2,I) p. 142. "Declárome neutral n-esta guerra de compadres. *Quero esvaer* os compromisos íntimos que contraín con Hespaña durante a guerra. *Quero lavarme* e curarme. *Quero esquecerme* -se o logro- do heroísmo do povo español, que tantas veces me chegou ó corazón. Non quero máis que unha lembranza e un anceio: a lembranza e o anceio de Galiza" (20).

A anáfora desenrola o concepto expreso o comenzo da cita: "*Declárome neutral nesta guerra de compadres*". Téntase de borra-la traxedia da guerra civil para que esta non borre ó seu tempo o que é Norte e guía da obra: a preocupación por Galicia. Para conquerir isto, a anáfora marca ese contido -o desexo de olvidar- pola serie *quero---quero---quero* seguida de formas de infinitivo en clara sinonimia -*esvaer* (21), *lavarme*, *esquecerme*- que engade notas de expresividade case física nos termos primeiro e segundo, frente ó carácter "máis mental" do terceiro. E todo este período está ademais en claro contraste co seguinte ("*quero* ↔ *non quero*"), para desenrolar ata a hipérbole o amor a Galicia: o único que Castelao non quere olvidar (22).

---

(20) Outros exemplos con 'synonimia' en (1,XXII) pp. 97-8, (2,XX) pp. 227-8, (4,I) p. 431.

(21) A definición de "*esvaer*" amosa a expresividade física á que facemos referencia: "Dispar, evaporar, ir perdéndose de vista, desvanecer".

(22) E que remarca por iso con 'reduplicatio' ó final da cita: "*Non quero máis que unha lembranza e un anceio: a lembranza e o anceio de Galiza*".

*-Apéndice: 'variatio' por especificación.*

Analizaremos aquí uns breves exemplos dun procedemento de 'variatio' que non entra de cheo nos medios de relaxación codificados pola retórica. Trátase dunha alteración que poderíamos definir como especificativa, pois engádese anaforicamente a un dos termos un adxacente que actúa funcionalmente de especificador. En (1,XXV) pp. 109-110 conquírese unha estrutura pechada de ida e volta ("*o neno galego---o neno---o neno---o neno...--o neno galego*") que intensifica máis o efecto dunha anáfora que o autor repetiu en dez ocasións, nun pasaxe onde quere comunicar todo o dramatismo das dificultades que ha de sufrir-lo neno galego na escola. En (2,VIII) pp. 174-5, a serie "*maxinemos que os republicáns--maxinemos que os republicáns--maxinemos que os republicáns federaes*" acentúa o carácter de *farsantes* dos republicáns ós que Castelao imaxina obrando con galeguidade. A especificación "*federaes*" engade un importante elemento á farsa: nin eran republicáns, nin eran federaes.

### **Anáforas problemáticas: Anáfora y enumeración**

O primeiro problema que plantexa este subtipo é o de valorar se, segundo a definición de anáfora, han de se considerar como tales as reiteracións a comenzo de membro sen forma verbal expresa e pertencentes a unha enumeración. A definición de Lázaro Carreter é a seguinte:

"Figura que consiste en la repetición de una o varias palabras al comienzo de una frase (en cuyo caso se llama mejor 'epanalepsis'), o al comienzo de diversas frases en un período (se llama entonces también 'epanáfora')" (23).

À clave está en saber exactamente qué entende por frase, isto é, se esta necesita *a presenza expresa dunha forma persoal do verbo ou non*. Pero no seu *Diccionario* faltan exemplos para se inclinar por unha ou outra postura.

Lausberg defínea como a "repetición intermitente del comienzo de un miembro o de un inciso" (Lausberg, *op. cit.*, p. 108), e engade unha serie de exemplos que poden seren aclaratorios:

"hic gelidi fontes, hic mollia prata, Lycori, / hic nemus, hic ipso tecum consumerer aevo". (Lausberg, *op. cit.*, p. 109).

"nihilne te nocturnum praesidium Palatii, nihil urbis vigiliae, nihil timor populi, nihil consensus bonorum omnium, nihil hic munitissimus habendi senatus locus, nihil horum ora vultusque moverunt?". (Lausberg, *op. cit.*, p. 109).

Segundo estes exemplos, onde os membros nos que aparece a anáfora non teñen verbo expreso, parece non haber ningún impedimento para a consideración como tales dos casos que vou referir.

---

(23) Vid. bibliografía.

O segundo problema está en valora-lo grado de 'voluntas' estilística do autor no uso deste recurso en enumeracións nas que a reiteración podería parecer esixida por unha rección imposta ó decurso do enumerado. Entrarían casos de *Sempre en Galiza* coma os seguintes:

"son os imprevisores, os egoistas, os vanidosos, os provocadores, os incapaces". (2,I) p. 141.

"aos mariñeiros de Filadelfia e de Boston; aos obreiros de Chicago, de Detroit e de Lackwanna; aos mineiros do West Virginia; aos artesáns e camareiros de San Francisco; aos tabaqueiros, empregados e demais traballadores da Habana (...)". (2,XXVI) p. 249.

Noutras enumeracións parece distinguirse con máis claridade a 'voluntas' do autor, pois podería enuncia-la expresión sen necesidade de utiliza-lo mecanismo reiterativo e non perdendo tampouco claridade de comprensión: máis noble, máis feliz e máis culto -- máis noble, feliz e culto.

Pero nas enumeracións enriba expostas parece en certa maneira esixida gramaticalmente a presenza do elemento reiterado. Nembargantes, neste punto, coma no que tratou da 'voluntas' no caso do 'polyptoton' (24), temos que situa-lo problema no *plano pragmático do efecto de lectura*. E nel, é un feito claro que nestos casos mantéñese o efecto anafórico do golpe *pausa + reiteración*.

Analizaremos pois, salvada esta dificultade teórica, o funcionamento deste recurso nos exemplos máis importantes de *Sempre en Galiza*, tendo en conta que, en xeral, estas anáforas perseguen sempre aquí un fin fundamental: *aumenta-la sensación cuantitativa de acumulación que xa contén por sí toda enumeración*. Este efecto xeral concretarase en cada caso con outros específicos do contexto de cada situación. Vexamos algúns deles:

(1,XVII) p. 82. "O anteproyecto que redactaran os técnicos e que someteran a información pública, foi intervido pol-os Concellos municipais, *pol-os* Partidos políticos, *pol-as* cámaras de Comercio, *pol-as* Sociedades Económicas, *pol-os* Colexios de Abogados, *pol-a* Universidade compostelán, a Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos, *pol-as* Sociedades agrarias, *pol-as* Asociacións de traballadores, etc., etc."

Castelao pretende intensifica-la mensaxe referida á gran participación popular conquerida na elaboración do texto estatutario galego para transmitir con forza a intensa vontade democrática que o inspiraba. A reiteración *pol-o*, realmente marteleante no corto espacio dos membros da enumeración, resalta fónicamente ese sema.

O espírito democrático galego é o centro destoutro exemplo:

(1,XVIII) p. 85. "O recoñecemento dos dereitos de Galiza sería un homaxe aos moitos miles de galegos leaes que morreron asesñados ou fusilados por defenderen a República; *ás* viudas e orfos destes mártires (...); *aos* galegos que sofren aldraxes. (...); *aos* que andan (...). [así ata dezaseis ocorrencias].

---

(24) E nótese que a grande maioría dos 'polyptoton' problemáticos estaban en construcións enumerativas.

Desenrólase aquí un concepto expreso con anterioridade no texto: ese "*moitos miles de galegos*" ós que o autor quere rendir homaxe polo recoñecemento dos dereitos de Galicia. Para desgranar case fisicamente esa inxente cantidade de galegos sacrificados, a anáfora a comenzo de membro é un recurso moi útil. En (2,XXVI) p. 249, prodúcese un uso moi semellante, agora adicado ós emigrantes galegos.

Moi abundantes son exemplos deste tipo:

(1,XX) pp. 90-1. "Unha Galicia máis limpa, *máis* culta, *máis* feliz, *máis* diña que a Galiza en que viviron e morreron os nosos mártires".

As anáforas dese tipo convertíronse xa nun tópico do discurso político, tópicico polo que o orador intensifica ese propósito de mellora que a súa postura supón fronte á contraria. Castelao utilízao a miúdo, neste caso concreto, para reforza-la súa vontade de perfeccionamento (*máis* + adxectivo semanticamente positivo) da situación galega. En (3,III) p. 262, atopamo-la mesma funcionalidade, agora para intensifica-las cualidades favorables da Igrexa na súa función de novo castro ("*máis* nobre, *máis* ledo, *máis* seguro") ó se forma-lo núcleo rural da parroquia. Finalmente, en (3,XXII) p. 355 continúa-se coa intensificación ponderadora, aquí das cualidades da zona dos Fisterres ("*máis* complexo, *máis* maravilloso, *máis* habitable").

Da alabanza pasa Castelao á crítica co mesmo procedemento:

(2,I) p. 141. "Os estratexas da nova campaña son os imprevisores, os egoístas, os vanidosos, os provocadores, os incapaces; *en fin*, os que perderon a república (...)".

Castelao quere critica-la posición política incitadora da guerra civil. Se antes utilizou a fórmula *máis* + *adxectivo positivo* na ponderación, agora enumera unha serie de sustantivos peiorativos cos que desenrola o concepto "*os estratexas da nova campaña*", e reforza este contido de crítica -sostido semanticamente na adxectivación- pola reiteración no plano da forma do artigo ó comenzo de membro, conquerindo deste xeito a solidariedade fondo-forma que sempre pretendem estas repeticións fónico-morfolóxicas.

Noutro caso di Castelao:

(3,X) p. 294. "Sabemos, por exemplo, que Hespaña nin ten idioma único, *nin* cultura única, *nin* costumes homoxéneas, *nin* unidade étnica, *nin* formación hestórica común, *nin* necesidades confluentes".

Utilízase aquí a figura analisada para reforza-lo sema de *carencia* co que quere caracteriza-la personalidade de Castela fronte á de Galicia, no claro sentido de influir nos afectos dos lectores. Obsérvese tamén cómo a adxectivación actúa de apoio pola coincidencia ou grande similitude do adxectivo final de cada termo, case unha epífora con relaxación sinonímica, ó que lle daría á estrutura unha forma próxima á 'complexio', onde o papel da repetición é máis importante ó se xunguir anáfora e epífora.

(3,X) p. 299. "Semellan seren os mellores hespañoes e poñen a Hespaña por enriba de todo; pero a condición de que a súa fala, a súa cultura, o seu dereito, a súa mentalidade se imponían dende o Poder (...)".

Este exemplo final amosa un tipo moi usado polo autor. O posesivo será utilizado moi frecuentemente por Castelao neste tipo de figuras, aproveitando quizás o apoio adicional que supón a súa marcada acentuación na forma da 3ª pers. sg. fiminina (*súa*). Neste caso, o seu uso oriéntase a transmitir-la forte crítica a Castela ó pretender impoñe-la súa personalidade a Galicia.

En (3,XX) p. 344, a anáfora do posesivo intensificará o valor do autóctono para probar con máis convicción a inutilidade ("*infantil*" nas palabras do autor) de trocalo por rasgos alleos. Finalmente, en (3,XXXIII) p. 409, temos outra vez a anáfora do posesivo na exaltación do autóctono, agora para convencer da necesidade da súa defensa mediante unhas leis *tamén súas*.

Próximo ós anteriores, aínda que con outra forma do posesivo, está o exemplo de (3,XIX) p. 343, onde se intensifica a idea de unión entre Portugal e Galicia, reiterando que o que quedou politicamente en Portugal é tamén galego: "*a metade da nosa terra, do noso espírito, da nosa língoa, da nosa cultura, da nosa vida, do noso ser nacional*".

En conclusión, o que chamamos anáfora na enumeración serviu ó propósito xeral de intensifica-la acumulación que de por sí contén toda serie deste tipo, matizando o seu significado concreto segundo o contexto de cada fragmento. Subtipos moi abundantes en Castelao foron o da ponderación de realidades ou cualidades pola anáfora do adverbio *máis* e o da exaltación do autóctono pola do posesivo *súa*.

### Anáforas problemáticas: Integración en periodos sintácticos complexos

Neste apartado faremos unha división inicial entre construcións de dous tipos: as de *encadeamento anafórico* e as *anafórico-parallelísticas*.

1.- *Encadeamento anafórico*: Tamén poderíamos definilo como anáfora dentro da anáfora. Equivale, en rasgos xerais, ó que Lausberg chama anáfora no inciso (25). Para explica-la súa construción, podemos dicir que ten lugar cando un esquema de reiteración anafórica se integra como constituínte dunha estrutura sintáctica de nivel superior, onde se produce tamén a anáfora. Nestes casos, é importante ademais que Castelao apoia aínda máis a repetición polo uso do paralelismo nun terceiro nivel, o que se move no interior das expresións anafóricas de segundo grado. E todo este conxunto segue sempre ó servizo do 'persuadere' intensificador buscado en cada caso concreto. Analisaremos pois os exemplos máis importantes:

---

(25) Información en pp. 309 a 319 da edición de Lausberg citada na bibliografía. Trátase da parte onde o autor estudia a estrutura do período.

(1,1) pp. 34-5. "A nosa terra é nosa. Xa se ten dito moitas veces. Mais agora decímolos nós, os desterrados. Os desterrados que vivimos en liberdade. Decímolos en nome de moitos miles de galegos que andan pol-o mundo. Decímolos tamén, en nome de moitos miles de desterrados na propia terra, dos que agardan por nós, dos que viven como fillos da morte, contando o tempo por noites.

A nosa terra é nosa. Nada máis que nosa. Porque somos os únicos capaces de darlle luz á súa noite, pan ás súas demandas, diñidades á súa vida. Porque somos os únicos capaces de enxugar ás súas bágoas de doer.

A nosa terra é nosa. ¿De quen máis podía ser? ¿Dos que a aldraxan? ¿Dos que lle negan a fala e o pensamento? ¿Dos que a encadean? ¿Dos que a rouban? ¿Dos que asesinan aos seus fillos máis queridos? ¿Dos que a ensumiron na ñorancia? ¿Dos que a queren vender como esclava? ¿Dos que lle negan o dereito a ser libre?"

-Nun nivel superior atopámo-la anáfora "A nosa terra é nosa", que acentúa o núcleo fundamental de contido que terá todo o período.

-No interior do primeiro membro desta "anáfora superior" atopamo-lo primeiro encadeamento anafórico -"decímolos--decímolos"-, ó que á súa volta encadéase a anáfora enumerativa "dos que--dos que", reforzando as dúas a firmeza da afirmación e a presenza do colectivo dos desterrados. E todo isto sen contar outro procedemento reiterativo moi eficaz como é a 'reduplicatio': "...os desterrados. Os desterrados".

-No segundo membro aparece a anáfora "porque...--porque..." para transmitir con máis convicción a idea de que son os galegos os únicos que poden solucionar os problemas da súa terra. No primeiro termo desta anáfora secundaria, Castelao recorre ademais ó apoio da construción paralelística en 'isocolon' (26), o que supón unha reiteración adicional na medida das secuencias.

-No terceiro membro atopamos unha anáfora con 'interrogatio'. Xa falamos dos seus efectos xerais ó tratar do apoio dos recursos fónicos. Neste contexto aplícase a acentua-la crítica daqueles ós que non poderá pertencer nunca Galicia.

Todo este encadeamento de anáforas e recursos de apoio crea pois un ritmo de reiteración que é altamente influente no lector e consegue unha grande intensidade na comunicación afectiva co mesmo.

A unha finalidade moi semellante adica Castelao estoutro exemplo:

(1,V) p. 46. "A patria é a Terra. A Terra que nos deu o ser e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas. A terra que cria froes nos campos para regala dos ollos e albres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vran e quentura garimosa no inverno; onde sufrimos (...)" [así ata seis anáforas con onde].

O período quere conquistar unha exaltación lírica da terra, concebida como esencia da patria. A anáfora é aquí un recurso moi útil para transmitir ese lirismo.

---

(26) Prodúcese esta coincidencia de medida nas expresións na serie "(...) luz á súa noite, pan ás súas demandas, diñidades á súa vida".

É de sobra coñecida a súa importancia en poesía anque, non o olvidemos, foi primeiramente codificada polas técnicas retóricas do discurso forense.

Neste caso, a construción susténtase nunha anáfora superior "*a terra--a terra*", anteriormente apoiada na súa primeira aparición por unha 'reduplicatio' -"*...é a terra. A terra...*". Dentro do segundo membro aparece a anáfora secundaria da partícula relativo-locativa *onde*, coa finalidade de marcar constantemente a presenza do seu antecedente, que non é outro que o núcleo da anáfora superior. Un caso semellante atópase en (3,XXII) p. 355.

Finalmente, e amosando a suxerente coincidencia desta estrutura formal con unha mensaxe referida á terra, sinalaremo-lo seguinte exemplo:

(3,XVII) p. 329. "*Agora* formase a súa povoación os rústicos burgos do celta, *agora* os conventos do román lle trouxesen algo da requintada cultura da metrópoli, *xa nos* días da reconquista, *xa nos* da súa grandeza, *xa nos* da súa decadencia, este país foi sempre ún".

A finalidade do período é desenrolar unha idea expresa no texto precisamente ó final do seu camiño de reiteracións: "*este país foi sempre ún*". Para facela máis viva no lector, Castelao bota mán dunha construción anafórica sintacticamente alternativa e disposta en dous niveis: o superior da anáfora "*agora--agora*" e o secundario da anáfora "*xa nos--xa nos*", incluída na anterior. Deste xeito destaca que a referida unidade tivo lugar *baixo calquera circunstancia*, co que queda manifestada case hiperbolicamente (27).

2.- *Construcción anafórico-paralelística*: Esta etiqueta ampla quere reflexa-la interacción de dous fenómenos -anáfora e paralelismo- que precisan unha serie de consideracións teóricas previas, derivadas dun feito inicial: anáfora e paralelismo non son dous fenómenos excluíntes, senón que poden convivir no interior dunha expresión.

Deste xeito, podemos documentar como apoio da nosa hipótese os seguintes exemplos de anáfora tomados por Lausberg de autores clásicos; exemplos que presentan tamén unha estruturación paralelística da frase (28).

"Scipio Numantiam sustulit, Scipio Kartaginem delevit, Scipio pacem peperit, Scipio civitatem servavit".

---

(27) Ademais prodúcese o apoio do 'isocolon' na idéntica construción dos termos incluídos na anáfora "*xa...--xa...*".

(28) Como se pode comprobar pola definición de paralelismo de Lázaro Carreter (vid. bibliografía):

"Disposición del discurso de tal modo que se repitan en dos o más versos (o miembros) sucesivos, o en dos estrofas seguidas, un mismo pensamiento o dos pensamientos antitéticos (...).

O bien, manteniendo de una misma estructura en dos o más frases seguidas [A. Konzinnität]. *con la gloria se desvanece, con la alegría se perturba, con las aclamaciones se asegura...* (Saavedra)".

"Hic gelidi fontes, hic mollia prata, Lycori, /hic nemus: hic ipso tecum consumerer aevo"

(Lausberg, *op. cit.*, pp. 108-9 y 109).

No discurso de *Sempre en Galiza* atopamos tres subtipos de construcións anafórico-paralelísticas:

2.1. Casos semellantes ós vistos para o latín: son construcións nas que a anáfora encabeza membros que teñen un alto grado, non só de coincidencia sintáctica, senón tamén de coincidencia na medida dos seus membros, polo que están moi próximas ó procedemento retórico do 'isocolon'. Vexamos un exemplo:

(1,III) p. 40. "*¿Ten Galicia un idioma propio? ¿Ten territorio diferente? ¿Ten unha vida económica peculiar?*".

Pódese comprobar perfectamente a presenza da anáfora e o 'isocolon'. Neste caso ademais, engádese o recurso da 'interrogatio', afirmando con forza -a que tamén lle daban os outros procedementos- un *sí* como resposta que proba a verdade que Castelao quere facer presente ós seus lectores: "*Pois logo Galiza é unha nacionalidade*" (29).

2.2. Existen outros casos nos que a estrutura paralelística que convive coa anáfora é moito máis complexa. Trátase de períodos nos que se da un paralelismo plurimembre, isto é, que reitera non un molde de estrutura oracional, senón varios no período. Nestes exemplos, creo que é posible afirmar que a elaboración desa simetría resultante está asentada na presenza de varias anáforas na base da construción e entrelazadas no discurso. Analisaremos os casos máis representativos de menor a maior complexidade, aínda que con iso non respetemo-la súa orde de aparición na obra:

(2,XXIV) p. 240. "*Nós imos supor que non se dictou ningunha ordenanza real prohibindo a língoa galega nos documentos públicos; pero é indiscutible que sóio eran válidos os documentos redactados en idioma castelán, na língoa oficial de Hespaña. Nós imos supor que endexamáis se dixese "fica prohibido usar o galego"; pero é indiscutible que sóio se ensinou o castelán nas escolas e que os galegos non podían escribir e leer o idioma que falaban*".

Estructuralmente atopamos un paralelismo en simetría bímembre, elaborado sobre dúas anáforas reiteradas dúas veces cada unha (A. "*Nós imos supor que...*" B. "*Pero é indiscutible que...*") e entrecruzadas por unha relación sintáctica adversativa. Este procedemento reforza o contido da adversativa, nunha mensaxe na que a Castelao lle interesa que quede ben grabado na mente dos seus lectores: anque de dereito non se prohibera o uso do galego, a realidade amosaba *aplasantemente* que *sí* o foi pola opresión castelá.

Todo o artigo XXIV -de claro tono crítico- fundaméntase sintacticamente na repetición da construción adversativa, intensificando así a oposición (30) de Castela ó desenrolo desta lingua e o dereito desta a se manifestar con plenitude.

---

(29) Outros exemplos, menos claros, en (3,XXIX) p. 392, (4,V) p. 460, (1,XI) p. 65.

(30) Contido propio da adversativa, como se pode ver na páxina 510 da edición citada do *Esbozo*.

Un exemplo de semellante complexidade aparece en (3,XXXI) p. 397. No contido intensifica a idea do oprobio en que estaba Galicia a pesar da recuperación do voto en Cortes en 1623.

Un grado máis de complexidade atopámo-lo no seguinte caso:

(1,XII) p. 66. "*Parece certo que a monarquía Sueva dou existencia política ao territorio diferenciado de Galiza; pero a lembranza do vello reino de suevia durme alonxada de nós (...)* *D-aqueles tempos non-os quedou máis que un anxeio de recobrar a unidade do territorio. Parece certo que a Galiza medieval converteuse n-unha verdadeira monarquía eclesiástica, rexida por Xelmirez, e que a política deste gran cacique galego fanou irremediabilmente a nosa independencia; pero creouse unha civilización aínda viva e presente (...).* *D-aqueles tempos non-os quedou máis que un anxeio de recobrar o libre desenrolo das forzas espirituales. Parece certo que a Galiza feudal enfrentouse cos desíños imperialistas de Castela, para defender a salvaxe independencia dos señores; pero tamén é certo que no fondo das contendas latexaba un sentimento patriótico. D-aqueles tempos non-os quedou máis que un anxeio de glorificar a figura do Mariscal Pardo de Cela. Parece certo, en resume, que Galiza pudo ser un reino independente; pero endexamáis aproveitou as ocasións que o destino nos deparou. E d-aqueles tempos non-os quedaron máis que lembranzas desventuradas*".

O período presenta unha simetría conquerida pola combinación de tres anáforas na base: A. "*Parece certo que...*" B. "*pero...*" C. "*D-aqueles tempos non-os quedou máis que...*". Aínda que puidera ser discutida a lexitimidade da segunda, creo que a pausa que a precede é bastante forte (independencia fónica) e que o membro contén tamén unha unidade de pensamento con suficiente entidade e independencia. Obsérvase ademais cómo na última aparición das secuencias A. e B., Castelao aumenta a intensificación polo procedemento do colofón ("*en resume*", "e"), e fai uso en B. dunha 'derivatio' ("*quedaron*" por "*quedou*") que, xunto á expresividade e carácter globalizador do sintagma "*lembranzas desventuradas*", conquiere un peche efectista a un período que xa o era moito pola súa elaboración.

E como ocorre en tódolos casos, este xogo constructivo non é algo aillado do contido da obra. Neste pasaxe, fixa na mente do lector a sensación de perda das liberdades e privilexios que Galicia gozou nuns tempos ("*D-aqueles*") nos que, aínda con inxusticias ("*Parece certo...; pero...*") as cousas ían moito mellor.

Unha proba de dominio da lingua está presente neste amplo exemplo:

(2,XII) pp. 191-2. "*A toda Hespaña se lle fixo creer que os galegos éramos xente inferior, sen capacidade para o exercicio das artes e das letras, e que nos opuxéramos aos desíños civilizadores de Castela sóio por servir e soste o bandidaxe dos señores feudales; pero a ningún se lle dixo que os galegos tiñan unha cultura anterior e superior á de Castela, e que (...)* *Agora fáiselle creer a toda Hespaña que os galegos sentiron a "vontade de imperio" e que defenderon a integridade da patria hespañola, non somentes para conservaren o réxime da propiedade (...)* *senón para salvárense do Estatuto autonómico, que os afogarían no marco estreito da rexión; pero a ningún se lle dirá que os galegos loitaron contra os militares e que foron vencidos por falta de armas, e que os seus sentimentos republicáns e autonomistas foron consagrados por un segundo plebiscito: o plebiscito tráxico dos mártires.*

*A toda Hespaña se lle fixo creer que os cataláns carecían de pulo espiritual, sóio atentos ao cálculo ruín e á previsión egoísta, e que (...); pero a ningún se lle dixo que os cataláns*

son antagónicos de Castela porque aman a liberdade e queren vivir baixo a súa propia lei (...) *Agora fáiselle creer a toda Hespaña* que os cataláns defenderon a República porque odiaban aos Hespaños, e que (...); *pero a ninguén se lle dirá* que os cataláns loitaron por primeira vez, e vontariamente, á veira dos hespaños, e que (...).

*A toda Hespaña se lle fixo creer* que os vascos defenderan a Don Carlos por simple fanatismo relixioso e que (...); *pero a ninguén se lle dirá* que os seudoliberaes querían abolir os fueros vascos (...) *Agora fáiselle creer a toda Hespaña* que os vascos defenderon a República laica por un simple afán político o que opuxeron o seu criminal separatismo á cruzada relixiosa (...); *pero a ninguén se lle dirá* que os totalitarios hespaños -mellor dito, casteláns- querían arrasar, en nome de Deus, as liberdades da nación vasca, rexida estrictamente pola doutrina social da Eirexa, e que (...)" (31).

A admirable construción de simetría elaborada neste período está baseada na triple reiteración anafórica de catro secuencias base (32):

- A. "A toda Hespaña se lle fixo creer..."
- B. "pero a ninguén se lle dixo..."
- C. "Agora fáiselle creer a toda Hespaña..."
- D. "pero a ninguén se lle dirá..."

Pero, afondando aínda máis na raíz da súa elaboración, estas secuencias nacen dunha relaxación que varía a forma e o contido das dúas primeiras para conquistar unha interesante perspectiva temporal presente-futuro. O logro deste cambio temporal é sinxelo entre B. e D., e consiste na 'derivatio' "dixo → dirá". Máis complexa é, sen embargo, a elaboración de A. a C. pola introducción dun adverbio temporal ("*agora*") cunha forza que lle fai ir a comezo de frase, trastocando a orde dos pronomes átonos combinados coa forma verbal principal (xa modificada por 'derivatio': "*se lle fixo* → *fáiselle*"), e deixando ó final a parte que antes principiaba a secuencia ("*A toda Hespaña*").

Con esta *elaboración escalonada* obtéñense varios xogos de reiteración:

- O global das catro secuencias A., B., C., D. en conxunto como membros dun período amplo.
- O básico de cada unha das secuencias individualizas. A./ B./ C./ D. como anáforas repetidas dun membro a outro.
- O interno de cada membro entre A.--C. e B.--D., tendo en conta as variantes referidas anteriormente.

Con esta admirable disposición, Castela pretende suliñar ata o límite dous contidos básicos na súa mensaxe nacionalista: *a inxusticia* que dende o poder central *falsea* a imaxe das nacionalidades históricas, e a prolongación deste estado de cousas *do pasado ó presente*: por iso a incesante repetición do "facer creer", o "non dicir a ninguén" e a alternancia temporal.

---

(31) Fragmentamo-lo exemplo pola súa grande extensión.

(32) Xustificamo-la anáfora de B. e D. polas mesmas razóns que no exemplo anterior.

2.3. Finalmente, *Sempre en Galiza* ten exemplos nos que a presenza da anáfora é clara, pero o paralelismo non ofrece unha coincidencia tan ríxida na estruturación e medida das frases coma no apartado 2.1., nin acada a simetría plurimembre de 2.2. Son casos nos que podemos falar de anáfora apoiada por unha coincidencia sintáctica que calificaremos de *paralelismo relaxado*. Estes son algúns exemplos:

(1,XXX) pp. 128-9. "*Necesitaremos* leis que impidan a excesiva fragmentación das terras, *evitando* a progresiva pulverización da propiedade rústica, e *favorecendo* a concentración parcelaria (...). *Necesitamos* o sinalamento de zonas de cultivo, *trocando* as actuaes en outras que rendan máis (...) [así ata seis membros máis con *necesitamos*]. *Necesitamos*, en suma, que a propiedade renda os beneficios sociais i económicos que as novas correntes lle sinalan (...)"

A anáfora reitera en dez ocasións a forma verbal "*necesitamos*" con colofón no último membro ("*en suma*"). O paralelismo de apoio consiste na estruturación sintáctica de cada membro sobre un *eixo* formado por unha ou dúas formas de xerundio que serven semánticamente á finalidade de formular, non só a necesidade, senón tamén a maneira de solucionarla. Todo o período está orientado a reforzalo sema de 'petición' por parte de Galicia, colaborando ademais dos dous recursos sinalados, a reiteración fónica que supón a coincidencia final dos verbos en xerundio (próxima á `homoeoteleuton'). Finalmente, a 'derivatio' na anáfora "*necesitaremos* → *necesitamos*" contribúe a facer máis viva a mensaxe pola súa actualización.

No exemplo final deste tipo di Castelao:

(4,III) p. 446. "*Galiza ten* un territorio *proprio*, delimitado por fronteiras naturais (...). *E anque* a nación non fose máis que unha alma, como dixo Renán, capaz de expandirse por riba das montañas, dos ríos e dos mares, conservando a súa unidade en diversos climas e rexións. *Xusto será recoñecer* que a Terra galega é única e diferente do resto de Hespaña (...).

*Galiza ten* unha morfoloxía social i económica *proprias*, (...) *E se* Galiza, en longas centurias de traballo, chegou a formar un cadro composito da súa vida privada e social, *xusto será recoñecer* a necesidade d-unha política estatal galega.

*Galiza ten* unha cultura *propria*, en todo diferente da dos demais grupos hispanos (...) *E se* a cultura galega xurde fondos primitivos e insobornabeis (...), *ben se* advirte na alma de Galiza un refinamento europeo, que se denota en rasgos de tolerancia, de crítica, de humor, de trasacordo e de cautela, calidades que non sobresaen nos povos de fala castelán.

*Galiza ten* un carácter étnico *proprio* (...) *E se* a raza fose, n-efeito, a determinante do carácter homoxéneo dun povo, sen que por así creelo incurrisimos en pecado, *ben podía* Galiza enfrentar a súa enxebreza co mestizaxe do resto de Hespaña (...).

*Galiza, pois, conta* con todol-os atributos hestórico-naturais que caracterizan ás verdadeiras nacionalidades; pero fáltalle algo moi importante para ser perfeita: fáltalle a independencia política, o goberno propio, que toda sociedade humana necesita".

Atopamos unha anáfora de cinco membros que reitera a secuencia "*Galiza ten*", engadindo no último o colofón ("*pois*") como peche globalizador, e a 'variatio' sinonímica "*ten* → *conta*" que resalta por diferenza o carácter de resumo deste membro.

En canto ó paralelismo de apoio, a primeira frase de cada período supón un 'isocolon' que nos leva ó paralelismo de 2.1. Pero na continuación de cada membro, a coincidencia estrutural vaise relaxando, anque mantén os eixos sintácticos necesarios para poder falar de estrutura paralelística de apoio: a formulación dunha condicional con prótase "e se" (33) e apódose principiada por "Xusto será recoñecer" no primeiro e segundo membro, e por "ben" no terceiro e cuarto.

A funcionalidade contextual desta anáfora e do paralelismo de apoio é clara atendendo ó significado da secuencia "Galiza ten": trátase de intensificar as cualidades que Galicia posee para ser considerada nación. E neste caso, coma noutros de *Sempre en Galiza*, esta anáfora, que conducía o pensamento do lector a un determinado punto, dá un brusco xiro que nos leva a unha paradoxa de clara denuncia: machacouse nos ouvidos do lector un "Galiza ten" que está "sorprendentemente" enfrenteado co único que non ten: "pero fáltalle a independencia política, o goberno propio, que toda sociedade humana necesita".

Todos estes casos pretenderon ofrecer unha proba de cómo a anáfora se combina na súa actuación co paralelismo, considerándoo aquí nun sentido amplo como a presenza dun certo grado de coincidencia sintáctica entre as secuencias.

Dentro deste marco xeral, puidemos comproba-la presenza da anáfora en exemplos que tiñan un alto grado de coincidencia sintáctica e de medida dos seus membros ('isocolon'), xunto a outros nos que aparecía un período complexo de simetría plurimembre, sustentada na intercalación no decurso de varias secuencias anafóricas base. Finalmente, fixemos referencia a exemplos onde a anáfora aparecía en períodos que tiñan un grado de paralelismo non moi alto, anque sí perceptible pola presenza de eixos sintácticos coincidentes nos seus membros.

Pero sexa un ou outro o subtipo rexistrado, todos eles teñen en común un feito: a intensificación da reiteración sintáctica a comezo de membro por medio dun paralelismo que, en certa maneira, amplíaa ó resto do mesmo.

## Conclusiones

A realización deste traballo orientouse ó esclarecemento dunha serie de puntos fundamentais que podemos dividir en xerais e específicos á obra de Castela.

### *Obxectivos xerais:*

-Intentouse demostrar ó longo destas páxinas a vixencia das clasificacións retóricas fronte ó olvido no que, como di Curtius, están na actualidade. Os seus criterios son especialmente válidos para a análise estilística de textos en prosa (doctrinal e política); unha parcela da crítica literaria non suficientemente aten-

---

(33) Exceptuamo-la formulación concesiva no primeiro termo.

dida en España e monopolo case exclusivo da crítica anglosaxona, con nomes como Morris Croll, G.K. Hunter, John Lyly ou Brian Vickers.

-En consoancia co afirmado no punto anterior, o recurso xenérico da reiteración foi estudiado pola crítica contemporánea, restrinxíndoo fundamentalmente ó terreo da poesía. Nesa dirección camiñan investigacións tan coñecidas coma as dos formalistas rusos. Sen querer nega-lo evidente valor das mesmas para a análise de textos poéticos, pretendín demostra-lo importante papel que xoga a reiteración en textos de prosa doutrinal e política, coa finalidade de *move-los afectos do lector intensificando a forza da mensaxe*; unha finalidade e un recurso que aparece perfectamente analizado para a prosa na retórica clásica. A diferenza coa poesía sería tan só unha diferenza de grado, que non impediría recoñece-la importancia do recurso fora do verso.


#### *Sempre en Galiza:*

-Castelao é nesta obra herdeiro do discurso oratorio da Antigüidade grega e latina; discurso no que unha parte defendía unha determinada postura e criticaba a oposta ane un auditorio. Neste sentido, os recursos retóricos adicados a *move-los afectos* teñen unha grande importancia *para transmitir con maior intensidade e poder de persuasión o contido ideolóxico da obra*.

-Un dos recursos máis utilizados por Castelao é o da reiteración. Ante a amplitude de figuras que esta contén, este traballo limitouse a estudar unha das máis sobresaíntes: a anáfora.

-Na análise da mesma intentamos cubrir dous aspectos que consideramos fundamentais:

1. Estudia-la construción formal das anáforas, establecendo unha división que podemos sintetizar no seguinte esquema:



2. Observamos cómo esa construcción, que constituye un procedimiento exclusivamente formal, provoca na práctica da lectura un efecto intensificador que, en cada caso concreto e segundo o contexto, está adicado á orientación autorial de determinados significados básicos na interpretación do texto. Trátase, pois, de demostra-la *íntima solidariedade de forma e contido* nesta parcela literaria. Por iso, a interpretación de cada anáfora acompañou a súa descripción constructivista cunha inserción no contexto situacional de *Sempre en Galiza*.

Se estes obxectivos se conqueiron, Castelao e *Sempre en Galiza* convertíranse nun modelo nas letras galegas de dominio da linguaxe para a persuasión de un auditorio de lectores, quedando ademais un portelo aberto para análises doutros recursos semellantes nesta obra e noutras da nosa literatura.

### Bibliografía

- Curtius, E.R.: *Literatura europea y Edad Media Latina*, Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1981.
- Jakobson, R.: *Essais de linguistique generale*, Paris, Les editions du Minuit, 1963.
- : *Teoría de la literatura de los formalistas rusos*, Buenos Aires, Ed. Signos, 1970.
- Lausberg, H.: *Manual de retórica literaria*, Madrid, Gredos, 1966.
- R.A.L.E.: *Esbozo de una nueva gramática de la Lengua española*, Madrid, Espasa Calpe, 1975.
- Rodríguez Castelao, A.D.: *Sempre en Galiza*, Madrid, Akal editor, 1980.